



**CONVENIO PARA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O CONCELLO DE BÓVEDA PARA O PROXECTO SENLLEIRO DE VALORIZACIÓN DA RUTA DE SENDEIRISMO DA AULA FORESTAL DE OS TROLLOS NA CATEGORÍA DE "PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DA CONTORNA NATURAL DA COMARCA."**

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

**REUNIDOS**

Dunha parte, Dna. María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa condición de presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, D. José Manuel Arias López, na súa condición de alcalde do Concello de Bóveda, segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da administración local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,





## EXPOÑEN

**Primerio.-** Que ambas entidades son conscientes da necesidade de favorecer as condicións e o entorno para a mellora da calidade de vida da poboación que permitan por un lado unha adecuada oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e permitan así mesmo unha boa gama de servizos básicos que permitan a mellora das condicións de sociabilización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

**Segundo.-** Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia) creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o contorna natural, a recuperación da terra agraria, a contorna natural, a vida social, cultural e educativa e os produtos agrolimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesionar a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio. No marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características





de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos

Senlleiros

([https://agader.xunta.gal/sites/w\\_pagade/files/documentacion/acordos/2022\\_04\\_28\\_acordo\\_proxectossenlleiros.pdf](https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectossenlleiros.pdf)), no que conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

**Terceiro.-** Nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Concello de Bóveda para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promove actividades e prestar os servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. No ámbito destas competencias, desenvolve todas aquelas funcións que favorezan o desenvolvemento da súa contorna. Por outro lado, o Concello de Bóveda, como entidade máxima da representación do seu territorio debe de ser unha entidade referente na potenciación de actuacións que favorezan ese desenvolvemento.

O 24 de abril de 2024 o concello presentou unha solicitude, para a execución das actuacións de que se trata para o financiamento dun proxecto senlleiro de rehabilitación e posta en valor da ruta de sendeirismo da aula forestal de Os Trollos dentro da categoría "promoción e posta en valor da contorna natural da comarca".

A finalidade deste proxecto de valorización da ruta de sendeirismo da aula forestal de Os Trollos" é o acondicionamento e mellora do atractivo dese itinerario, engadindo elementos artísticos, orientados á mellora da paisaxe e potenciación da mesma.

A Aula Forestal de "Os Trollos" localizada preto da vila de Bóveda nun contorno natural e propiamente forestal é a única que a Xunta de Galicia ten en funcionamento na provincia de Lugo. Ten 30 hectáreas de superficie na que se dispón de instalacións preparadas para a recepción dos visitantes e para a realización de diversas actividades de educación e divulgación dirixidas ao público en xeral, pero especialmente aos máis novos.

Esta Aula conta cunha exposición adicada a explicar dun xeito sinxelo e ameno o ciclo das árbores dende a súa plantación ata a súa corta así como os diferentes pasos de transformación da madeira.

O pasado ano recibiu aproximadamente 600 visitantes, principalmente escolares da provincia de Lugo. Estas visitas desenvólvense primeiramente coa presentación da





Aula Forestal e o seu contorno, para continuar deseguido coa explicación da exposición existente. Una vez completada a visita de exposición, poderase realizar un itinerario (con ou sen guía) polo entorno da aula camiñando por un sendeiro fluvial, polo viveiro de planta forestal e o arboredo.

En consecuencia, as citadas actuacións teñen cabida no Programa de proxectos senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, xa que, conforme ao citado Acordo do 20 de abril de 2022 do seu Consello de Dirección, contribúe a cohesionar a vida social no medio rural e a estimular o arraigamento da poboación sobre o territorio no que habita nel mediante a consecución dos seguintes obxectivos:

- Dinamización da vida socioeconómica da zona.
- Mellora da relación social dos veciños.
- Preservación dos valores sociais e culturais do medio rural
- Revalorización de infraestruturas.
- Satisfacción de necesidades e aspiracións da veciñanza.
- Fortalecemento do orgullo e satisfacción de pertenza á comunidade rural beneficiaria do proxecto.

**Cuarto.-** De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia pública para a realización deste tipo de actuación. A necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor do contorna natural da comarca materialízase no uso e goce do mesmo co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos así como ofrecer a súa visita como complemento cultural e social.

Neste caso a memoria presentada polo Concello de Bóveda propón a realización de varias actuacións para a rehabilitación e posta en valor da ruta de sendeirismo da aula forestal de Os Trollos.

A execución deste proxecto senlleiro contribuiría a cohesionar a vida social no medio rural e a estimular o arraigamento da poboación sobre o territorio que habita nel mediante a consecución dos seguintes obxectivos:

- Dinamizar a vida socioeconómica e cultural da zona.
- Acondicionar mediante a colocación de tallas de madeira para a revalorización paisaxística, do medio ambiente e da natureza, así como aumentar o atractivo da ruta de sendeirismo de Os Trollos, Concello de Bóveda.
- Mellorar os tecidos culturais, educativos e produtivos.
- Preservar o patrimonio natural da comarca.

Todas estas actuacións facilitarán a preservación dos valores sociais e culturais no medio rural o que incentiva a necesidade que ten esta Axencia en potenciar a





recuperación do contorna natural, cultural e social que manteñan a historia da comarca nese nexos de encontro veciñal.

A singularidade do proxecto do Concello de Bóveda reside na conservación, valorización, rehabilitación e posta en valor da ruta de sendeirismo da aula forestal de Os Trollo, un espazo singular cun reclamo cultural que mantén a historia do lugar engadindo elementos artísticos, orientados á mellora da paisaxe e potenciación da mesma.

O itinerario da ruta avanza por un sendeiro fluvial, onde tamén se pode ver o horto sementeiro e dúas parcelas de ensaio, unha con cerdeiras e outra experimental de castiñeiros.

O feito de que o viveiro se atope aberto ao público é un dos atractivos máis importantes para os visitantes no que se desenvolve unha importante labor de fomento da cultura forestal e consiste tamén nun incentivo importante para o Concello de Bóveda relacionado coa natureza e os valores ambientais.

A subvención directa decídese en base a criterios obxectivos, que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros. En concreto, na regra 3.- Categorías de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías seguintes:

D) Promoción e posta en valor da contorna natural da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- a. (...)
- b. Mellorar a restauración, a conservación, a protección, o coñecemento, a divulgación ou o uso sustentable do patrimonio natural.

Por outra parte, o citado Acordo do 20 de abril de 2022 sinala como posibles entidades beneficiarias das axudas para os proxectos senlleiros as seguintes entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que realicen actividades en beneficio da poboación do rural galego: Concellos

Por último, o Acordo do 20 de abril de 2022 tamén sinala que o ámbito territorial de execución dos proxectos senlleiros será o todo territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás:

- a. Nas provincias da Coruña e de Pontevedra, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 6.000 habitantes.





- b. Nas provincias de Lugo e de Ourense, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 10.000 habitantes.
- c. Os termos municipais dos concellos de Vigo e da Coruña, tendo en conta que todo o territorio de ditos concellos ten un alto grao de influencia urbana, derivada da presenza das dúas cidades galegas máis grandes.
- d. Os parques empresariais situados no territorio dos concellos de Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Ferrol e Pontevedra.

Polo exposto, o proxecto presentado polo Concello de Bóveda "Rehabilitación e posta en valor da ruta de sendeirismo da aula forestal de Os Trollos " dentro da categoría de promoción e posta en valor da contorna natural da comarca, cumpre cos criterios obxectivos e subxectivos necesarios que xustifican o financiamento desta actuación a través dunha subvención directa e motivan a súa formalización a través deste convenio.

En consecuencia, as partes, asinan este convenio para a concesión dunha subvención directa, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións**

O obxecto do presente convenio é o financiamento da memoria presentada polo Concello de Bóveda para a "Valorización da ruta de sendeirismo da aula forestal de Os Trollos" é o acondicionamento e mellora do atractivo de antedito itinerario, engadindo elementos artísticos, orientados á mellora da paisaxe e potenciación da mesma.

### **SEGUNDA.- Actuacións a realizar**

As actuacións previstas son a creación de 30 figuras esculpidas en madeira. Dito material será reciclado, xa que é procedente dos traballos forestais de limpeza e poda realizados no viveiro. As tallas de madeira, serán recreacións a tamaño real, da fauna típica e propia da zona. Posteriormente, colocaranse ao longo do percorrido da ruta de sendeirismo, situando a cada animal silvestre no seu correspondente ecosistema e hábitat.





O resultado sería a creación dun espazo expositivo de especies autóctonas, entre os que habería anfibios, aves e mamíferos.

Con este proxecto preténdese a valorización da ruta de Os Trollos que discorre polo interior da finca e na que se poden observar ó redor de 115 especies vexetais distintas. Os bosques principais polos que transcorre dita ruta son os piñeirais, soutos de castiñeiros e carballeiras de *Quercus robur* principalmente.

Ao abeiro do presente convenio considéranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos realizados polo beneficiario que se detallan no Anexo I "Orzamento desglosado" de este convenio e cumpran as condicións que se detallan na memoria técnica presentada.

### **TERCEIRA.- Obrigas do Concello de Bóveda**

O Concello de Bóveda comprométese a facer constar en toda a publicidade -tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Axencia e a Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da propia da Axencia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/1997, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

O beneficiario deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que o Concello de Bóveda cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio

O Concello de Bóveda deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no





cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización a Axencia para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

O Concello de Bóveda comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos, polo menos durante un período mínimo de 5 anos sempre e cando se trate de bens inventariables. A Axencia poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

#### **CUARTA.- Financiamento**

O gasto total das actuacións de "Rehabilitación e posta en valor da ruta de sendeirismo da aula forestal de Os Trollos " a desenvolver polo beneficiario no marco deste convenio, ascende a catorce mil novecentos noventa e nove euros con noventa e nove céntimos (14.999,99 €), para o período 2024.

Para o desenvolvemento desas actuacións, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural concede ao Concello de Bóveda unha subvención directa a fondo perdido por un importe de 14.999,99 euros para a anualidade 2024.

A achega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, dos presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, que inclúen o cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos legais para ser beneficiario.

Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 ,	<b>TOTAL</b>
--	--------------





código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".		
<b>Importe</b>	<b>2024</b>	<b>14.999,99 €</b>
	<b>14.999,99 €</b>	

Os importes da subvención serán aboados trala presentación da documentación xustificativa da realización das actuacións financiadas (presentada no prazo e coas condicións indicadas na cláusula correspondente do presente convenio) e da emisión do correspondente informe técnico favorable por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que poderá recorrer, se o considera necesario, a o apoio de expertos externos.

Nos importes indicados entenderase incluído o IVE, sempre e cando este supoña un custo real soportado polo beneficiario, podendo ser considerado gasto subvencionable. Neste caso deberá presentarse un certificado relativo á situación do beneficiario respecto o IVE.

A achega conveniada trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Axencia poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo do 50% da cantidade total subvencionada. Este anticipo non poderá superar o importe previsto para cada anualidade. A concesión do anticipo farase mediante resolución motivada.

O pagamento restante realizarase no momento da completa xustificación polo Concello de Bóveda do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

O Concello de Bóveda tamén poderá solicitar pagos á conta, conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.





O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80% da cantidade subvencionada, ou sexa, 12.000,00 €.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

No caso de que o Concello de Bóveda solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

#### **QUINTA.- Xustificación dos gastos**

O beneficiario xustificará ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a realización das actuacións por un importe total previsto de 14.999,99 € IVE incluído.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% rematará o 15.11.2024 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2024.

Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no presente convenio, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural requirirá conforme ao artigo 45.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para que no prazo improrrogable de dez días a presente.

A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.





A conta xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>, e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade co visto e prace da persoa titular da alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
  - O cumprimento da finalidade da subvención.
  - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Certificación ou informe da persoa titular da Secretaría ou da Intervención da entidade local ou, de ser o caso, do/da empregado/a público/a que, de acordo coa estrutura organizativa do concello, teña atribuída as competencias en materia de contratación pública, acreditativo de que o procedemento de contratación se tramitou nos termos previstos na normativa de contratación do sector público, e con indicación do procedemento seguido para a contratación das obras subvencionadas.
- Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- Declaración que conteña unha relación detallada doutras subvenciones, axudas, ingresos o recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención.
- Permisos, licenzas e autorizacións que resulten preceptivos segundo a lexislación vixente.
- Aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que o órgano xestor considere convenientes.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, e devolverase toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de





13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

No caso de que o Concello de Bóveda non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

#### **SEXTA.- Compromiso de participación das mulleres.**

Mediante o presente convenio as partes asinantes asumen un compromiso de fomento da participación das mulleres tanto no seu ámbito de actuación como nos seus órganos de decisión.

#### **SÉTIMA.- Causas de resolución**

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **OITAVA.- Publicidade**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello de Bóveda acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que





introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

### **NOVENA.- Xurisdición**

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Así mesmo será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestión litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

### **DÉCIMA.- Vixencia**

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 15 de novembro de 2024, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2024.

### **DECIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo Concello de Bóveda e un representante designado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

### **DECIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións





públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio no lugar e data arriba indicado.

María José Gómez Rodríguez,  
(P.D. Acordo do Consello de  
Dirección do 21.07.2021)

Presidenta da Axencia Galega de  
Desenvolvemento Rural

José Manuel Arias López

Alcalde do Concello de  
Bóveda





## ANEXO I

- Orzamento desglosado

Intervención artística en Viveiro de Os Trollos con elaboración de 25 bancos escultóricos 5 esculturas.

	Prezo unitario	Nº de unidades	Prezo total
Elaboración en madeira de banco escultórico con talla ao carón, vernizados e con montaxe dúas mesmos.	400,00 €	25	10.000,00 €
Elaboración en madeira de escultura con vernizado da mesma e montaxe.	727,27 €	5	3.636,35 €
Total sen IVE			13.636,35 €
IVE 10%			1.363,64 €
Total con IVE			14.999,99 €

